IDEAS

IDEAS PARA UNHA posible HOMILÍA CON NENOS

8 XUÑO 2025

Recibide o ESPÍRITO SANTO e coloreade a vida

1. VER: Pentecoste

- Chegamos á festa de Pentecostes. A quen celebramos? Que é? sabemos de El? Que fai hoxe entre os cristiáns?

Como debuxamos o Espírito Santo?
Por que?

2. XULGAR: Recibide o Espírito e coloreade a vida

- **No evanxeo de hoxe, día de Pentecoste,** Xesús resucitado aparecese aos apóstolos, dálles a paz e un agasallo especial: ***"Recibide o Espírito Santo".***

QUE NOS QUERE DICIR?

- **Xesús Resucitado envíanos o Espírito Santo*: "Recibide o Espírito Santo"***. O debuxo de Fano preséntanos a Cristo Resucitado que segue vivo hoxe na Igrexa. Ela está sostida polas ás do Espírito que segue activando o amor que viven en diferentes cores ou carismas os que reciben a vida do Espírito na auga do bautismo, a Palabra e a Eucaristía.

- Hoxe **SEGUIMOS NECESITANDO** o Espírito Santo para que:

* Nos quite os medos e nos encha de alegría para ser as testemuñas de Xesús alí onde nos atopemos.
* Nos ensine **a mirar cos ollos do Resucitado e a colorear** todo cos pinceis do amor, da festa, da fraternidade.
* Nos ensine a **voar, soñar, transformar** o mundo, a realidade na que vivimos.
* Nos empuxe a construír unha **Igrexa alegre**, alentada polo aire do Espírito, que nos desinstala, lévanos de acá cara alá nun dinamismo continuo.
* Nos leve a construír unha **Igrexa que é familia,** a familia dos que comparten a fe no Resucitado.
* Nos axudes a realizar **unha Igrexa encarnada** e solidaria cos que máis sofren, sen esquecer aos pobres e humildes, a aqueles que levan no seu corazón o selo do teu amor.

Que fai o Espírito Santo hoxe?

3. ACTUAR: Guiados polas ás do Espírito

- **Día da Acción Católica:** todos os que seguimos a Xesús, coas nosas calidades ou carismas, levamos o amor de Deus aos que nos encontramos, somos "Testemuñas da Esperanza". Síntete orgulloso de ser dos seus. Buscamos algunha oración ao Espírito Santo e imprimímola para rezala todos os días. Facemos un cartel cos dons do Espírito Santo.

Que podemos facer?

LECTURAS

Feitos dos Apóstolos 2, 1-11 ***Enchéronse todos de Espírito Santo e empezaron a falar.***

Ao cumprirse o día de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo lugar. De súpeto, produciuse desde o ceo un estrondo, como de vento que sopraba fortemente, e encheu toda a casa onde se atopaban sentados. Viron aparecer unhas linguas, como labaradas, que se dividían, pousándose encima de cada un deles. Enchéronse todos de Espírito Santo e empezaron a falar noutras linguas, segundo o Espírito lles concedía manifestarse.

Residían entón en Xerusalén xudeus devotos vindos de todos os pobos que hai baixo o ceo. Ao oírse este ruído, acudiu a multitude e quedaron desconcertados, porque cada un oíaos falar na súa propia lingua. Estaban todos estupefactos e admirados, dicindo:

«Non son galileos todos eses que están a falar? Entón, como é que cada un de nós oímolos falar na nosa lingua nativa? Entre nós hai partos, medos, elamitas e habitantes de Mesopotamia, de Xudea e Capadocia, do Ponto e Asia, de Frixia e Panfilia, de Exipto e da zona de Libia que limita con Cirene; hai cidadáns romanos forasteiros, tanto xudeus como prosélitos; tamén hai cretenses e árabes; e cada un oímolos falar das grandezas de Dios en nosa propia lingua.

Palabra do Señor. *R. Grazas a Deus.*

Salmo 103: R. Envía o teu Espírito, Señor, e renova a face da terra.

1ª Corintios ***12, 3b-7. 12-13 Fomos bautizados nun mesmo Espírito, para formar un só corpo.***

Xoán 14, 23-29: Recibide o Espírito Santo.

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: -«Paz convosco».

Narrador: E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: -«Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu».

Narrador: E, dito isto, soprou sobre eles e díxolles:

Xesús: -«Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoes os pecados, quédanlles perdoados; a quen llos reteñades, quédanlles retidos».

Palabra do Señor. *R. Loámoste, Cristo.*

(Narrador-Xesús)